



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### **INSTRUCCIÓN DA ALCALDÍA 3/2020 ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN RELACIÓN AO CORONAVIRUS COVID-19, PARA OS/AS TRABALLADORES/AS DO CONCELLO DE BERGONDO**

Esta Instrucción recolle medidas provisionais para o conxunto dos/das empregados/as públicos/as municipais, que poderán ser modificadas consonte evolucionen os acontecementos e en función das directrices que imponhan o Goberno do Estado e o Goberno da Xunta de Galicia.

Ante a evolución nas derradeiras horas en relación coa epidemia do Coronavirus, e seguindo a liña marcada polo Goberno do Estado coa declaración do Estado de Alarma, mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data; e pola Xunta de Galicia, nas Resolucións ditadas o 15 de marzo de 2020, publicadas no DOG núm.51 da mesma data, o Concello de Bergondo, coa finalidade de preservar a saúde dos seus traballadores/as e colaborar cos organismos oficiais, traslada aos seus empregados/as as seguintes recomendacións:

- Seguir as recomendacións de hixiene marcadas nas citadas Resolucións, nas indicadas na Instrución 2/2020 e as publicadas nas últimas horas.
- Con respecto ao traballo, favoreceráse o teletraballo ou traballo dende os domicilios e a flexibilización horaria, como se indicou na pasada Instrución 2/2020 e nas comunicacións dirixidas a todos os/as empregados/as públicos/as municipais a través de wasap.

**As oficinas do Concello de Bergondo permanecerán pechadas ao público, en tanto dure o Estado de Alarma decretado polo Goberno do Estado ou as súas prórrogas.**

**A atención ao público canalizarase de 9:00 a 14:00 horas, de xeito telefónico no teléfono 981791252, e de xeito telemático, a través da Sede electrónica municipal, as 24 horas ao día todos os días da semana, tal e como se ten indicado na publicación deste Concello na web municipal [www.bergondo.gal](http://www.bergondo.gal)**

Todos os empregados públicos cuxas funcións se realicen dentro de edificios ou instalacións administrativas que permitan o seu desenvolvemento a distancia prestarán o servizo desde o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. Para tales efectos, o Concello facilitará fórmulas de teletraballo ou de traballo a distancia, como xa se indicou na instrucción 2/2020.

Todos os empregados públicos que realicen funcións dentro de edificios ou instalacións administrativas que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior o persoal que desempeñe funcións de carácter esencial, que deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o exixa porque así o determine esta Alcaldía. Para estes efectos sinalanse especificamente como servizos esenciais os servizos sociais municipais e os de Policía Local.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

En todo caso, considéranse funcións de carácter esencial as desempeñadas polo persoal e nas funcións indicadas no apartado terceiro do Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaria Xeral Técnica *da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19*, publicada no DOG núm. 51 do 15.03.2020.

Todos/as os/as empregados/as permanecerán localizables nos teléfonos facilitados a esta alcaldía e nos seus correos electrónicos Corporativos, e deberán reincorporarse aos seus postos de traballo de forma presencial se así se require por necesidades do servizo.

Estas medidas de carácter extraordinario estarán en vigor en tanto dure o Estado de Alarma decretado polo Goberno do Estado e terán a duración imprescindible para dar resposta á situación que motivou a súa adopción e poderán ser revogadas por necesidades do servizo e, en todo caso, cando cesen as recomendacións das autoridades sanitarias.

En todo o non previsto nesta Instrución estarase ao previsto na Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaria Xeral Técnica *da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19*, publicada no DOG núm. 51 do 15.03.2020.

Bergondo, 16 de marzo de 2020

A alcaldesa (*asinado dixitalmente*)

Alejandra Pérez Máquez